



Coronavirus: Rescatar ós traballadores, non ás empresas

A pesar dos reiterados esforzos de Pedro Sánchez por presentarnos un país no que todos remamos

no mesmo sentido, a realidade é ben distinta.


Dende a perspectiva da crise sanitaria podemos ver como a sanidade privada se puxo de perfil dende o primeiro momento, evitando poñer os seus recursos (engordados groseiramente dende a crise de 2008) a disposición do interese xeral.

Tamén estamos a ver o nulo compromiso das empresas para conter o virus, tratando de obrigar aos traballadores a seguir nos postos de traballo. ¡Teñen que ser os traballadores os que, a través da presión, forcen ás empresas a parar a súa actividade! E cando esta situación se dá, as empresas néganse a empregar os beneficios amasados durante anos para garantir os soldos dos traballadores, e ten que ser o Estado (financiado nunha parte fundamental polos traballadores) o que, a través de ERTes, liñas de crédito a empresas ou exencións nas cotizacións á seguridade social, financie ditos salarios.

Xa que os empresarios e banqueiros non fan nada por contribuír nesta crise, un goberno de esquerdas debería de empezar por denunciar esta actitude, en lugar de enganarnos dicindo que estamos todos no

mesmo barco. E, a continuación, debería nacionalizar tanto a banca como as principais empresas, para así dotarse de recursos económicos e humanos cos que afrontar esta crise.

A debilidade amosada por este goberno, coa inestimable colaboración dos sindicatos maioritarios, coa adopción destas medidas en favor do capital vai provocar un envalentonamento da burguesía á hora de seguir plantexando o empobrecemento da clase obreira coma saída á crise na que xa estabamos e que se vai afondar.



Pero se pensan que a clase obreira non aprendeu nada dende 2008 están moi equivocados. A lección é clara: non podemos esperar que defendan os nosos intereses dende as institucións, temos que facelo nos mesmos na rúa.

O problema non é só o coronavirus, é o capitalismo!

Comité de Emerxencia

Constitúese un Comité de Emerxencia no que participan representantes da empresa e dos comités de Fene e Ferrol. Está a reunirse tódolos días.

Para a **CGT**, todo traballo presencial que non estea xustificado (por razóns sanitarias, de seguridade dos traballadores/as, de preservación das instalacións...) debe ser adiado.

Na xuntanza de onte, a **CGT** preguntoulle ó director polos **aspectos laborais** desta situación, tanto para o persoal da **principal** como da **IA**. Respondeu que non sabía nada, pero que preguntaría na videoconferencia do comité de dirección corporativo a celebrar hoxe.

A saúde é o primeiro, pero este aspecto da cuestión tamén é importante.

Teletraballo

Desde onte, luns 16, a factoría non ten unha vida normal. O domingo 15, a empresa comunicoulle ó comité a intención de **limitar ó máximo** a presenza de traballadores.

O venres 13, a **CGT** xa nos pronunciáramos publicamente a favor de tal medida. Aínda que fomos os únicos, demostrouse que era a postura correcta. A **CGT** non foi por detrás da empresa.

O plantexamento da dirección non é paralizar a actividade, senón evitar a presenza de persoas, recorrendo ó **teletraballo** nos casos en que é posible.

En xeral, estamos en contra do teletraballo porque consideramos que o illamento dos traballadores debilita o movemento obreiro. Cantos máis traballadores e canto máis concentrados, máis **forza**.

Pero a situación é **extraordinaria**, estamos na casa, pero non de vacacións. Tampouco se sabe canto se pode alongar isto, pero todo apunta a que serán máis de 15 días.

Por iso consideramos que, mantendo o confinamento domiciliario, quen poida traballar desde a casa debe facelo.

Presenza luns e martes

O luns pola mañá entraron un total de 537 traballadores (358 en Ferrol e 179 en Fene), tanto da principal (para coller o portátil ou porque foron chamados, nalgúns casos non para traballar, senón para coordinarse nesta situación) como da IA.

Algunha compañía alegou que non se enterara.

A nota douna Windar, que pretendía traballar con normalidade, demostrando unha vez que o único que lle preocupa son os seus beneficios a costa do que sexa.

Hoxe os números baixaron considerablemente:

	Ferrol	Fene	TOTAL
Principal	77	9	86
IA	88	37	125
TOTAL	165	46	

Teñen que seguir baixando porque canta menos interrelación persoal, mellor.

Por outra banda, a dirección está facendo uns xustificantes para que aqueles traballadores que teñen que acudir á factoría non corran o risco de ser multados.

Material de uso sanitario

O Arquitecto Marcide requiriu de Navantia o material de uso sanitario de que dispoñía (mascarillas, luvas, gafas anticontaxio...). A postura da **CGT** é que a **saúde dos profesionais sanitarios** é o primeiro e que baixo ningún concepto se debe antepoñer un posible uso produtivo de ditos materiais.

A dirección asegurou que esta mañá enviara todo o que había, reservando só unha pequena cantidade para o persoal dos nosos Servizos Médicos, que tamén necesitan protexerse, entre outras cousas porque en calquera momento poden ser chamados a reforzar a sanidade pública.

A Amancio Ortega se lle cae a careta

Amancio Ortega, que quere pasar como un benefactor da sociedade, antepón os seus intereses económicos sobre á saúde dos seus traballadores. Por exemplo, en Pull&Bear, de Narón, os traballadores tiveron que **plantarse** ante a actitude irresponsable da empresa que quere manter a súa actividade, cando non é de primeira necesidade.

Tiveron que recorrer á Inspección de Traballo e non descartan ir á folga. Esta é a **solidariedade** de empresas con cuantiosos beneficios que teñen recursos de sobra para poder parar a súa produción e non o fan.

Guía de acción para traballadores

Dispoñemos dunha **guía** para saber cómo actuar correctamente na **defensa** dos nosos **dereitos** e dos nosos compañeiros.

Se estás interesado, contacta con nós.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas RRSS



CGTNavantiaFE